

EDITORIAL

Alfredo Vigo Trasancos¹

¹ Director da revista QUINTANA. Universidade de Santiago de Compostela, España

A presentación do número 23 da revista QUINTANA, que corresponde ao ano en curso 2024, conleva unha nova satisfacción desde o punto de vista dos recoñecementos pois me é grato sinalar que conseguimos entrar na exclusiva base de datos *Web of Science* (WoS), pertencente a *Clarivate Analytics*, na que, desde hai uns anos, estabamos a ser valorados. É un gran logro, sen dúbida, xa que se suma a un *ranking* importante de plataformas que non fan máis que apreciar o noso labor e esforzo continuado por ser, en todos os ámbitos do mundo científico da Historia da Arte, unha revista académica prestixiosa e recoñecida.

Xa metidos nos contidos do presente número, seguindo nosa tradicional organización, o *Tema monográfico* leva por título “Os límites dunha disciplina e as fronteiras da representación. Respostas desde a Historia da Arte” e nel interveñen destacados investigadores invitados que achegan os seus diferentes puntos de vista en moi diferentes campos interpretativos. Así, Mieke Bal busca comprender a realidade do mirar achegando no seu artigo o desenvolvemento dunha metáfora teórica que é social, ética e visual á vez e que pode axudar á historia da arte na súa misión perceptiva, como é a visibilización. Iñaki Estella, en cambio, en vista da hiperabundancia de produtos audiovisuais que abordan a historia da arte, pon o foco en tres series documentais que contraponen modelos diferentes como foron no seu día *Civilization*, de Kenneth Clark (1969), *Ways of seeing*, de John Berger (1972) ou a española *Mirar un cuadro* (1983-1988). Xosé Nogueira, á súa vez, propón no seu texto unha visión panorámica sobre as transformacións derivadas da irrupción da era dixital e a consecuente mutación que esta implicou sobre a natureza das imaxes na produción audiovisual contemporánea. Por último, María Dolores Teijeira Pablos, achega unha visión máis particular ao centrarse no valor iconolóxico do selo de cera no panorama da construción e reprodución da imaxe figurada medieval, analizando o caso de dous sinais pertencentes a Gonzalo Pérez de Aguilar (d.1300-†1353), que chegou a alcanzar o alto cargo de arcebispo de Toledo.

Polo que respecta ao apartado *Colaboracións*, fiel a si mesmo, introdúcenos nunha serie de investigacións moito máis abertas e heteroxéneas. Juan Moreno Hortelano, de feito, dá conta das operacións levadas a cabo polo arquitecto Juan Antonio Molina Serrano dentro do campo patrimonial. Mercedes Cerón-Peña propón, á súa vez, valorar novas interpretacións sobre varios debuxos incluídos no denominado «Álbum de viejas y brujas» de Francisco de Goya.

Concepció Bauçà de Mirabò Gralla estuda, pola contra, o convento de Santo Domingo de Inca (Mallorca) desde o seu nacemento a principios do século XVII ata a súa desaparición como entidade dominica tras a desamortización. Pola súa banda, Sergio Ramírez González, Antonio Bravo Nieto, Josep Lluís i Ginovart e Cinta Lluís Teruel analizan a utilización da “bóveda ojival” no contexto puntual dos almacéns de pólvora realizados polos enxeñeiros militares no contexto xeográfico que vai de Gibralfaro a San Fernando de Figueras. Un estudo moi diferente é o que realizan Heloisa Selma Fernandes Capel e Ramón Yzquierdo Peiró ao proceder a analizar o tríptico xacobeo do artista compostelán Modesto Brocos que, tras ser pintado en Roma e alcanzar pouco éxito en París e Madrid, foi cedido en depósito polo autor á catedral de Santiago onde hoxe atópase. Xa noutra dirección, Inmaculada Real López aborda a cultura galega do exilio republicano español centrada especialmente na intelectualidade instalada en Arxentina. Diferente é a análise que ofrece Silvia Magro-Vela ao clasificar os diferentes tipos de *openings* que se utilizan ao comezar un episodio dentro do ecosistema das series que conforman a ficción televisiva actual. Doutro estilo é o estudo de Rafael Ángel García-Lozano sobre os equipamentos sanitarios construídos na última etapa da nosa historia centrándose nun exemplo de Zamora e na achega da Deputación provincial. Faltan por sinalar os estudos de Ana Melendo Cruz sobre a análise dalgúns dos documentais de arte, que forman parte do arquivo audiovisual do Museo del Prado; de Javier Jiménez-Leciñena sobre a fotografía como lugar de resistencia política e afectividade para as persoas *queer*; de Julio Barrueta Cuzcano indagando na manifestación multicultural errada da cinematografía peruana a través do filme *Madeinusa* (2005) de Claudia Llosa, ou de Rebeca Carretero que dá a coñecer unha pintura sobre ónice coa representación do apóstolo Santiago na Batalla de Clavijo conservada no Museo Colegial de Daroca (Zaragoza). Finalmente, Guillem Carabi Bescós busca establecer a relación existente entre residuo e forma estética, identificando tres direccións principais de discusión, á vez que José María Mesías Lema, Juan Luís Lorenzo-Otero, Carla Álvarez-Barrio e Guillermo Calviño-Santos proceden a analizar conxuntamente a Escola Libre de Sargadelos como proxecto experimental dentro do ámbito artístico-educativo. Así pois, todo conforma un conxunto de artigos e investigacións que, sen dúbida, ofrecerán temas e puntos de vista moi interesantes para os lectores.

O apartado *Escritos sobre...*, está, esta vez, protagonizado por dous textos moi pouco coñecidos que foron publicados no seu día por José Alejandro Cribeiro e Emilio P. Hidalgo –“Un pobo sen recordo” e “Adeus a Portomarín”- cun alto espírito crítico ante a perda irreparable da vila medieval de Portomarín que era, en 1963, asolagada polas augas do Miño despois da obra do encoro de Belesar. Ambos son comentados e analizados co rigor que o caracteriza por Julio Vázquez Castro, bo coñecedor do tema e de todas as súas circunstancias.

Falta por sinalar que *Feitos e tendencias* aborda dúas exposicións interesantes: a titulada “Implosión: arte conceptual en la colección CGAC (1965-1975)” que foi comisariada por Pedro de Llano Neira, e a que tivo lugar no Colexio de Fonseca sobre “Valle-Inclán íntimo” que foi ideada por José Manuel López Vázquez, Margarita Santos Zas e Javier del Valle-Inclán Alsina. As dúas son comentadas con brillantez por Ana Méndez López e Jesús Ángel Sánchez García.

Conclúe o número co apartado de *Recensións* onde distintos autores dan conta de obras recentes de temática histórico-artística que son analizadas nos seus contidos e cun destacable espírito crítico.

Non quixera pechar esta presentación de QUINTANA sen agradecer o esforzo de todos aqueles que a converteron nunha realización coral; por iso que, como director, deba mencionar expresamente a Jesús Ángel Sánchez García, Julio Vázquez Castro e Miguel Anxo Rodríguez González, os tres secretarios que, cada ano que pasa, teñen que afrontar máis e máis esixencias. Por suposto deben sinalarse tamén os membros do Comité Científico e de

Redacción da revista, os avaliadores anónimos que revisaron a calidade e orixinalidade dos artigos, do mesmo xeito que todos os investigadores invitados que, de forma moi profesional e brillante, aceptaron contribuír cos seus coñecementos ao *Tema monográfico* que abre o número. Tampouco quero esquecer aos compañeiros do Departamento de Historia da Arte polo seu importante apoio, o mesmo que ao director e técnicos do Servizo de Publicacións da nosa Universidade polas súas valiosas indicacións. Unha mención merécese Xosé Serén pola súa revisión técnica e de estilo, sempre necesaria. Por conseguinte, a miña gratitude a todos eles e desexar, un ano máis, que a revista QUINTANA siga tendo unha longa proxección e unha vida moi frutífera.